

EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 09/09/2024

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 09/09/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04 de setembro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/2967

Dáse conta do escrito presentado por D. Julio Álvarez Rodríguez solicitando a rescisión do contrato de arrendamento de varios solares asinado entre o Concello e a Sociedade Alvarez Conchado e Hijos SA, polo cal a citada Sociedade arrendaba ao Concello de Vilagarcía de Arousa os solares que a seguir se din para a súa utilización como aparcamiento, debido á venda das citadas fincas:

- 1.- Urbana-solar, Rúa Francisco Porto Rey nº 3, que conta cunha superficie de 679,00 m².
- 2.- Urbana-solar, Rúa Francisco Porto Rey nº 5, que conta cunha superficie de 786,00 m²
- 3.- Urbana-solar, Avda. de Cambados, que conta cunha superficie de 1.326,00 m²
- 4.- Urbana-solar, Avda. de Cambados, que conta cunha superficie de 870 m²

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Álvarez Rodríguez que poden poñer os carteis de propiedade privada nas fincas citadas, aos efectos de que non sigan estacionándose os vehículos por particulares.

Dar conta á Policía Local.

PRP2024/3160

Dáse conta de escrito da FEGAMP comunicando que o Consello Federal, na sesión ordinaria do 29 de xullo de 2024, adoptou, en relación co importe da cota de afiliación para o ano 2024 en cinco céntimos de euro a aplicar para o cálculo das mesmas sobre o último Padrón Municipal aprobado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á cota do ano 2024, que ascende a 1.884,45 €.

PRP2024/3266

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con requerimento da veciñanza sobre mellora de sinalización na Rúa Ramón Martínez, no que se indica que pola Policía Local non se considera precisa a colocación dun espello na confluencia das Rúas Ramón Martínez coa Rúa Fontecarmoa, por considerar que a visibilidade é boa no tramo, tanto á dereita como á esquerda.

PRP2024/3269

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con requerimento da veciñanza sobre mellora

de sinalización na Rúa Lomba con Avda. Agustín Romero, no que se indica que non se considera precisa a colocación dun espello na confluencia das Rúas, posto que a posible dificultade na visibilidade na incorporación da primeira rúa cara a segunda delas, pódese solucionar co despazamento dos colectores de lixo existentes uns metros máis adiante e deste xeito a opacidade dos mesmos desaparecería.

PRP2024/3323

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de Comerciantes Zona Aberta, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa colocación de catro inchables e un toro mecánico na Praza de Galicia o día 9 de setembro de 2024, en horario de 17 a 21 horas, para organizar un acto denominado "A Volta ao Cole 2024".

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2024/3326

No departamento de comunicación están en funcionamento dúas licenzas da aplicación informática denominada Adobe Creative Cloud for teams, trátase dun servizo que da acceso a programas de deseño gráfico, edición, deseño web etc.

Creative Cloud, ofrece máis de 20 aplicacións creativas, incluídas Photoshop, Illustrator, Premiere Pro, After Effects, InDesign e Acrobat. Ademais dispón de plantillas, almacenamento na nube e miles de fontes de Adobe Fonts.

Asemade, están en funcionamento tres licenzas da aplicación informática Acrobat Pro for teams nos departamentos de secretaría xeral e informática, cuxa finalidade é xestionar documentos PDF.

A forma de adquirir estes programas é mediante subscrición anual. Esta subscrición da dereito a instalar e usar o programas e as súas actualizacións durante un ano, a actual subscrición finaliza o 13 de setembro de 2023.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L o servizo de subscrición durante un ano de dúas licenzas da aplicación informática Adobe Creative Cloud for teams e tres licenzas Acrobat Pro for teams para o ano 2024-2025 por un importe de 3.607,01 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706 (Caduca o 13 de setembro de 2025).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3327

Dáse conta do escrito presentado por D. Johnston Alexander Rey Freites solicitando a entrega do patinete eléctrico que lle foi inmobilizado por carecer de autorización administrativa para circular.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución VMP de referencia previo aboamento das taxas devengadas, e comprometendose o solicitante recollela en vehículo adecuado para evitar o seu despazamento pola vía pública e a continuar coa inmobilización do mesmo ata ter toda a documentación en regla para a súa circulación:

- Taxa de inmobilización: 35 €

- Días de depósito: 6x7 €/día: 44 €
TOTAL: 77 €.

PRP2024/3378

Dáse conta da Sentenza 194/2024, de 31 de xullo de 2024, do Xulgado do Contencioso - Administrativo nº 2 de Pontevedra, promovido pola Entidade Servicio, Cultura, Deporte y Recreación SL en relación co peche por obras da piscina municipal cuberta e climatizada de Fontecarmoa, entre os días 22 de xuño e 15 de setembro de 2020, pola que se estima parcialmente debendo proceder o Concello de Vilagarcía de Arousa ao aboamento, en concepto de compensación económica, na cantidade de 34.725,51 €, tal e como se aprobou en Xunta de Goberno Local de 29 de agosto de 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e dado que se presentou recurso contra a mesma, queda pendente o cumprimento da resolución da citada sentenza.

PRP2024/3379

Dáse conta da Sentenza 148/2024, de 4 de xullo de 2024, do Xulgado do Contencioso - Administrativo nº 1 de Pontevedra, promovido pola Entidade Servicio, Cultura, Deporte y Recreación SL contra o cordo de 9 de maio de 2022 da Xunta de Goberno Local, que lle recoñeceu o dereito a percibir unha indemnización de 20.988,28 € polo período comprendido entre o 14 de marzo e o 21 de xuño de 2020, como consecuencia o impacto económico e social do Covid-19.

Indica así mesmo que o pago do principal, de 20.988,28 € se realizou o 20 de maio de 2022 (segundo se recoñece na demanda), non tendo transcorrido os tres meses, polo que non se xeneraron xuros de demora.

A citada sentenza desestima o recurso interposto pola citada Entidade, e confirma o acordo de 9 de maio de 2022 da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3396

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Varela Piñeiro, solicitando autorización para ocupación de vía pública na zona da acampada do Festival Revenidas, ao lado do Campo de Fútbol de A Pelada os días 12, 13, 14 e 15 de setembro de 2024, para venda de bocadillos.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Estará en posesión da documentación pertinente para exercer dita actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2024/3294

Dáse conta de resolución de concesión da subvención recibida da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Comercio, Emprego e Emigración, do Proxecto de Obradoiro de Emprego dual

FORME 2024 (TR353A exp: 36/00002/2024) do Concello de Vilagarcía coas seguintes características:

Número de participantes: 20

Duración do proxecto: 9 meses

Data de previstas: 02/12/224 ao 011/09/2025

Subvención concedida: 411.928€ para gastos de formación e funcionamento e 30.000€ para incentivos á contratación, se é o caso.

O importe da subvención, indican que terá carácter estimado, e as cantidades efectivas a aboar na fase do proxecto, estará en función da contía do SMI e das cotas á SS vixente en cada ano, así como o número de alumnos/as traballadores/as que participen no proxecto.

Especialidades e número de alumnos:

- CARPINTERÍA E MOBLE (10 alumnos/as)

Certificado de profesionalidade NIVEL 1 MAMD0209 e NIVEL 2 MAMS0108 e Módulo profesional de lacados e barnizados MF0167_1

- FÁBRICAS DE ALBANELEIRÍA E OPERACIÓN AUXILIARES DE REVESTIMENTOS E ACABADOS (10 alumnos/as)

Certificados de profesionalidade NIVEL 1 EOCD0209, NIVEL 2 EOCD0108

A contía da subvención de 411.928 € distribúese do seguinte xeito:

Anualidade 2024: Importe 144.174,80 €

Anualidade 2025: Importe 267.753,20 €

Módulo A: 112.608 €

Módulo B: 31.680 €

Salarios alumnos/as-trab: 267.640 €

TOTAL: 411.928 €

No caso de que o Concello achegue compromisos de contratación en empresas, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade subvencionará un importe fixo de 1.500€ por cada persoa traballadora, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

O Concello de Vilagarcía deberá fianciar os custos non subvencionados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no período do programa de actuación, que se orzamentan nun total de 20.005€ para o ano 2024, para fazer fronte ós custos non subvencionados.

Deberá terse en conta nos orzamentos do 2025, o aumento desta cantidade para o finanzamento do proxecto bianual 2024/2025 ata alcanzar o total de TRINTA MIL EUROS (30.000€) de aportación municipal para o desenvolvemento total do proxecto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2024/3376

Dáse conta de escritos presentados por Dona Eva María Pazos Rodríguez, solicitando información dos requisitos necesarios para exercer a venda ambulante nos mercados dos martes e sábados, así como denunciando que existen persoas en situación ilegal.

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle o seguinte:

A venda ambulante no Concello de Vilagarcía de Arousa está regulada en base ao Regulamento Municipal de Venda Ambulante publicado en data 21 de setembro de 2018.

As autorizacions se renovan anualmente segundo o Artigo 11, no seu punto 3 do Regulamento, dende o 15 de xaneiro ata o 15 de febreiro de cada ano.

A documentación necesaria que se solicita é a que está preceptuada no Artigo 10, no seu punto 2, do Regulamento, sendo a seguinte:

- 1 foto
- Instancia solicitude de renovación.
- Instancia domiciliación bancaria.
- Certificado de conta ou recibo bancario.
- Fotocopia DNI, NIE (residencia e permiso de traballo)

- Recibo de autónomos ou situación actual ou alta na Seguridade Social.
- Certificado non débedas coa Seguridade Social.
- Alta Facenda - IAE (Epigrafe) e situación actual.
- Certificado de non débedas coa Axencia Tributaria.
- Recibo de Seguro de Responsabilidade Civil.

Respecto ao que a denunciante di que existen vendedores sen autorización, non é certo. O persoal de mercados pasa un control diario de ocupación de postos no mercado, para poder confeccionar o Padrón de Postos Exteriores Trimestral. Así como cada vendedor e autorizados no posto se lles facilitou a correspondente tarxeta de venda ambulante, a cal teñen a obriga de ter exposta. De feito se está pasando un control diario polo mercado. Concretamente no mercado de data 27 de agosto, martes, detectaronse dous postos instalados sen a correspondente autorización e se procedeu ao seu levantamento.

Non obstante, para contestar de forma mais concreta á denuncia, deberá facilitarse o nome e apelidos das persoas que considera que non teñen autorización, co fin de proceder a realizar a comprobación oportuna.

PRP2024/3377

Dáse conta de escrito presentado por Dona María Carmen Limeres Gonzalo e dúas vendedoras mais da Praza de Abastos de Vilaxoán, solicitando a apertura do local habilitado provisionalmente para exercer actividade de alimentación, durante a Festa DAS REVENIDAS.

Visto o informe do Xefe de mercados e a proposta do Concelleiro, a Xunta de Goberno Loal acorda a autorización solicitada.

PRP2024/3264

Dáse conta do escrito presentado por D. Braian Traico Romero, solicitando autorización para instalación de carrito de castañas de 1 metro na Praza de Galicia durante o período de outono-inverno.

Visto o informe do Servizo de Mercados accordase concederlle autorización co carácter de precario dende o mes de outubro, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación para o exercicio da venda ambulante.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/3265

Dáse conta do escrito presentado por Dona Angela María Traico Romero, solicitando autorización para instalación de carrito de castañas de 1 metro na esquina da Rúa Valentín Viqueira-Rúa Alcalde Rey Daviña durante o período de outono-inverno.

Visto o informe do Servizo de Mercados accordase concederlle autorización co carácter de precario dende o mes de outubro, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación para o exercicio da venda ambulante.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/3254

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa MADERAS J. REDONDO SL para o subministro de material para a reparación da estrutura de madeira dunha das pontes do Parque da Coca, por un importe total de 7.570,79 e (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria correspondente.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3408

Dáse conta de informe en relación coa implantación do novo sistema de contenerización e recollida de residuos, dado que xurdiu a necesidade de facer adaptacións en varias rúas do municipio para permitir a colocación dos colectores do lado derecho da vía e así poder ser vaciados mediante este novo sistema.

No caso da Rúa Extramuros solicitouse o cambio de lado de estacionamento de vehículos pasando do lado esquierdo ao lado derecho. Este cambio derivou en certas queixas veciñais que reclaman que a circulación do tráfico e o estacionamento volvan á antiga posición alegando perda de prazas de estacionamento, dificultade para entrar nos garaxes, falta de seguridade e dificultade para empregar a zona de carga e descarga por parte do supermercado, entre outros. Unha vez realizada visita á zona xunto co persoal de Urbaser para comprobar as problemáticas existentes, indicando o seguinte:

1.- En canto á queixa por falta de prazas de aparcamiento, non se aprecia dita problemática, xa que os espazos pintados actualmente en amarelo para permitir a saída dos garaxes corresponden aos mesmos lugares onde antes non se podía aparcar do lado contrario por haber un vao.

2.- Tampouco se aprecia a priori dificultade para entrar ou sair dos garaxes, xa que este espazo está perfectamente sinalizado en amarelo indicando que se prohíbe o estacionamento.

3.- Non se considera que exista falta de seguridade nin para a circulación de vehículos nin para o tránsito de peóns, que poden camiñar sen problema por ambas beirarrúas.

4.- En canto á zona de carga e descarga, tras o cambio de lado ampliouse considerablemente o espazo reservado, mais o supermercado alega problemas para os transportistas que teñen que cruzar a rúa e utilizar unha plancha para subir os carros á beirarrúa.

En todo caso dende o departamento reiteran a necesidade de manter a dotación de colectores nesa rúa, ante a falta de outras alternativas en rúas próximas e a imposibilidade de colocálos enriba da beirarrúa xa que ó ser estreita obstaculizaría o paso dos peóns.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO

PRP2024/3372

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 26/02/2024 acordou aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023, para o proxecto: PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOÁN A CARRIL.

O proxecto presentado a Convocatoria 2024 do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 e correspondente ao GALP da ría de Arousa foi aprobado este mes de agosto, polo que, para a celebración deste evento que terá lugar durante os meses de setembro, outubro e novembro de 2024 na praza de abastos de Vilagarcía e Vilaxoán e na Lonxa de Carril, necesítase a colaboración de diferentes áreas do Concello.

Na solicitude faise referencia as necesidades que incumben a diferentes departamentos do Concello.

CALENDARIO DE EXECUCIÓN

LUGAR	DATAS	EVENTO
PRAZA DE ABASTOS VILAGARCÍA	SETEMBRO: 12,13,19 E 26 OUTUBRO: 3,4,10,24,31 NOVEMBRO: 14 e 21	11 OBRADOIROS DE COCIÑA NA RÍA
PRAZA DE ABASTOS VILAGARCÍA	SETEMBRO: 20 e 25 OUTUBRO: 11 e 25 NOVEMBRO: 13	5 OBRADOIROS: HOXE COCIÑAS CUN CHEF DA
PRAZA DE ABASTOS VILAGARCÍA	NOVEMBRO	2 OBRADOIROS CUN CHEF DE RENOME
PRAZA DE ABASTOS VILAXOÁN	19 DE OUTUBRO	SHOWCOOKING
LONXA CARRIL	5 DE OUTUBRO	SHOWCOOKING

NECESIDADES DE COLABORACIÓN DOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS:

ADRIÁN/ OBRAS	Mesas redondas para degustación, palco para os cociñeiro, moqueta, céspede artificial, cadeiras e mesas para os rapaces, carpas para obradoiro, soportes carteis, etc
LOLI/JARDINES	Materiais de decoración: plantas, redes, etc.
RAMÓN CALDAS /ELECTRICIDADE	Equipo de son, conexión televisores e calquera outra necesidade que poida xurdir.
ELECTRICIDADE	que poida xurdir.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora das datas e necesidades para a celebración do evento e acorda dar conta aos distintos Servizos Municipais.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CULTURA

PRP2024/3256

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio de colaboración coa Entidade Revenidas SC e a súa posterior sinatura para a concesión dunha subvención, por importe total de 45.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a sufragar os gastos derivados das distintas actividades que se levarán a cabo con motivo do FESTIVAL REVENIDAS 2024, que se celebrará os días 12, 13, 14 e 15 de setembro en Vilaxoán, establecendo o período de gasto elixible dende o 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024.

PRP2024/3357

Vista a solicitude de D. Victor Orodea López, en representación de VOL MUSIC EVENTS SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 5 de outubro de 2024, durante todo o día, para a celebración do espectáculo EL MUSICAL DE COCO "RECUERDAME", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

O prezo de entrada será de 13,50 € + gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, deberá previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 102,00 €

- Operarios (2): 204,00 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 652,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/3358

Vista a solicitude de CD FINCAS VILAGARCÍA SL, en calidade de administradores da CP RIBAINSA e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 13 de setembro de 2024, en horario de 17:00 a 21:00 horas para a celebración dunha reunión da Comunidade de Propietarios (Xunta anual) debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo abordo, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, deberá previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias: 4 horas x 15,25 €/hora: 61,00 horas.

Así mesmo comunicácaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/3359

Vista a solicitude de D. José Martín Ventoso Portas, en representación de Comisión de Festas Santa María de Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividáde na honra de Santa María de Guillán, os vindeiros días 13, 14 e 15 de setembro de 2024:

- Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán (Grupo de Gaitas Treboada), o día 13 de setembro, por un importe de 350,00 €.
- Grupo Folclórico Mocedade da Torre 83 (Grupo de Gaitas), o día 14 de setembro, por un importe de 225,00 €.
- Asoc. Coral Rosalía de Castro (Coral), o día 14 de setembro, por un importe de 335,00 €

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicácaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obligatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/3428

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/07/2024 de autorización de uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal á Asociación Cultural Lendaira.

Onde dí:

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, deberá previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 61,20€
- Operarios (2): 285,60€
- TOTAL: 611,50€

Debe decir:

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda correxir o citado erro.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2024/3337

Dáse conta do expediente de contratación CT 42/2024 tramitado mediante Procedemento Aberto, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato denominado “Adquisición e instalación de taquillas de entrega intelixentes para a praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa”, cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGeneration UE, cun orzamento de licitación de 50.000,00 € (sen IVE) e de 60.500,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- NIF: B86313152 HELO PROS ASSOCIATES S.L.
- NIF: B82080177 Ricoh España, SLU
- NIF: A80907397 Vodafone España, S.A.U.

A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas admitidas a seguinte puntuación:

LICITADOR	Puntuación oferta técnica	Oferta económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación aumento prazo garantía	Puntuación aumento do periodo de soporte	TOTAL PUNTOS
Vodafone España, S.A.U.	39	38.100,10€	9,00	21	21	90 (Proposto para adxudicación)
RICOH ESPAÑA, S.L.U.	41	44.985,00€	3,79	21	21	86,79
HELO PROS ASSOCIATES S.L.	29	42.500,00€	5,67	21	21	76,67

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: A80907397 Vodafone España, S.A.U. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 39

Total criterios CAF: 51

Total puntuación: 90

Orden: 2NIF: B82080177 Ricoh España, SLU

Total criterios CJV: 41

Total criterios CAF: 45.79

Total puntuación: 86.79

Orden: 3NIF: B86313152 HELO PROS ASSOCIATES S.L.

Total criterios CJV: 29

Total criterios CAF: 47.67

Total puntuación: 76.67

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato de subministracións denominado “Adquisición e instalación de despachos de billetes de entrega intelixentes para a praza de abastos de Vilagarcía de Arousa”, cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, e enmarcadas na actuación subvencionada denominada VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS COMERCIAIS URBANAS, cun orzamento de licitación 50.000,00 € (sen IVE); 60.500,00 € (con IVE), á empresa

con CIF A80907397 Vodafone España, S.A.U., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 4311- 6270018.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 38.100,10 € (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.001,02€, o que totaliza un importe de 46.101,12 € (IVE incluído).

- Melloras:

Incremento do prazo de garantía (3 anos adicionais sobre o mínimo esixido nos pregos)

Incremento do período de soporte (3 anos adicionais sobre o mínimo esixido nos pregos).

PRP2024/3368

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REDINOR SL para o subministro de 1000 paquetes de papel DIN-A4 80 gr. para os Servizos Municipais da Casa do Concello, por un importe total de 4.162,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2446

O Concello de Vilagarcía de Arousa é titular do paso superior sobre a vía de ADIF situado no P.K. 003.986 da liña 818, de conformidade coa acta de entrega de dita infraestructura asinada con data 06/10/1983 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Renfe. De acordó co indicado na citada acta o concello faiase cargo das obras que sexan necesario realizar no paso elevado citado. Visto o Informe de caracterización de danos do paso superior situado no P.K. 003.986 da liña 818, encargado pola Dirección Xeral de Conservación e Mantenimiento de ADIF, o dictame do técnico redactor do mesmo conclúe que a estructura inspeccionada presenta danos de carácter durable, situándose os de maior relevancia nas pilas.

Tendo en conta que o concello e o titular do paso superior, é preciso redactar o correspondente proxecto técnico para posteriormente acometer as obras de reparación.

O obxecto do traballo é a redacción do proxecto de reparación do paso superior sobre a Vía de ADIF situado no p.k. 003.986 da línea 818 en aras de conservalo e mantelo, aos efectos da seguridade dos viandantes desta localidade.

Dadas as características da infraestrutura obxecto de reparación e a propia tipoloxía das obras a realizar, a redacción do proxecto técnico deber ser efectuado por persoal especializado neste tipo de obras, é dicir, por titulados en enxeñería de camiños, canais e portos ou titulación equivalente.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de "REDACCIÓN DE PROYECTO DE REPARACIÓN DEL PASO SUPERIOR SOBRE LA VÍA DE ADIF SITUADO EN EL P.K. 003.986 DE LA LÍNEA 818", á mercantil TIPOLOGIAS ESTRUCTURALES EN MADERA, HORMIGÓN Y ACERO, S.L (NIF B15720196), por un importe de 6.950,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.459,50 €, o que totaliza un importe de adxudicación 8.409,50 € con cargo á partida 150.640.

PRP2024/3322

Dáse conta do informe do Encargado do Servizo de Obras e Vías Públicas deste Concello de data 21 de agosto de 2024, no que indica que o vehículo con matrícula 1055BBS foi entregado ao desgüace para a correspondente baixa e posterior reciclaxe.

Con data 27 de agosto de 2024 obtense a baixa definitiva do citado vehículo na Dirección Xeral de Tráfico.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a baixa no Inventario de Bens Municipais con data 27 de agosto de 2024.

PRP2024/3398

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de outubro de 2023, adxudicouse á empresa MONCOSA OHS, S.A. o contrato de obras denominado "Mellora e acondicionamento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira", por un importe de 132.231,40€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 27.768,59€, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 159.999,99€, cofinanciadas pola Excma. Diputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2023-).

O contrato administrativo foi asinado con data 13 de novembro de 2023, cun prazo de execución da obra de 5 meses, contado a partir da sinatura da acta de comprobación de reformulo que foi asinada o 29 de xaneiro de 2024.

Con data 17 de xuño de 2024 (rexistro WEB2024004182), don Serafín Piñeiro Camiña, en representación da empresa adxudicataria MONCOSA OHS, S.A. solicita ampliación de prazo de execución, que foi autorizado por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 24 de xuño de 2024, ata o 12 de setembro de 2024.

Con data de rexistro do 6 de setembro de 2024, don Serafín Piñeiro Camiña, en representación da empresa adxudicataria MONCOSA OHS, S.A. solicita unha segunda ampliación de prazo de execución ata o 31 de outubro de 2024.

Na propia solicitude de ampliación do prazo, consta o Visto e Prace da dirección facultativa, asinado por don Iago Fernández Puentes.

O prazo de execución atópase fixado no contrato asinado en 5 meses, a contar dende a data de sinatura da acta de comprobación de reformulo, polo que finalizaría o 29 de xuño de 2024. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de xuño de 2024, autorizouse unha primeira prórroga do prazo de execución ata o 12 de setembro de 2024.

A obra atópase cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2023-), tendo como prazo final de execución o 31 de decembro 2024 e de xustificación o 31 de marzo de 2025; polo que de autorizarse a ampliación do prazo de execución esta non dificultaría o cumprimento do prazos fixados para a xustificación da subvención.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a segunda ampliación do prazo de execución do contrato de obras denominado "Mellora e acondicionamento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira", ata o 31 de outubro de 2024.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/3380

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº 1 E FINAL (2024/5890), derivada da execución do contrato de obras denominado "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS E MELLORA DE ACCESIBILIDADE NAS ÁREAS E ZONAS COMERCIAIS (CONTORNA DA PRAZA DE ABASTOS)", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2024/4379), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2022-2-NEXT-1-2 por importe de 33.880,00€.

Visto o informe do Director de Obra de final de obra.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obrigación para a certificación de obra Nº 1 E FINAL (2024/5890), derivada da execución do contrato de obras denominado "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS E MELLORA DE ACCESIBILIDADE NAS ÁREAS E ZONAS COMERCIAIS (CONTORNA DA PRAZA DE ABASTOS)", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2024/4379), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2022-2-NEXT-1-2 por importe de 33.880,00€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
5890	UNO FINAL	Y 29/08/2024	33.880,00	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	CERT. UN-FINAL OBRA "ACONDICION. ESPACIOS Y MEJORA ACCES. AREAS Y ZONA COMERC., PROX: 2022/2/NEXT/1/2.	4311	6270018

PRP2024/3081

Visto o expediente de gasto INT/2024/354 integrado pola relación de xustificantes F/2024/90 por

importe de 6.295,73€.

Visto o informe da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/90 por importe de 6.295,73€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/5239	60 - 2024	01/07/2024	3.012,90	134	22799	LOUZAN BLANCO, ROCIO	TRABALLOS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E VIXILANCIA DE XUÑO DO SERVIZO VAIBIKE DE VILAGARCÍA.
F/ 2024/5240	61 - 2024	01/07/2024	269,93	134	22799	LOUZAN BLANCO, ROCIO	MATERIAL DE REPARACIÓNS DO MES DE XUÑO DO SERVIZO VAIBIKE DE VILAGARCÍA
F/ 2024/5280	68 - 24	02/08/2024	3.012,90	134	22799	LOUZAN BLANCO, ROCIO	TRABALLOS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E VIXILANCIA DE XULIO DO SERVICIO DO VAIBIKE.
		TOTAL	6.295,73				

PRP2024/3386

Visto o expediente de gasto INT/2024/394 integrado pola relación de xustificantes F/2024/101 por importe de 410.345,11 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/101 por importe de 410.345,11 € coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/3534	1003864V2400040	31/05/2024	230.086,03	163	22700	URBASER, S.A.	Expediente: 'CT 23/2021-e 'Contenerizacion, Recogida y transporte de residuos, gestion del punto limpio y limpieza viari
F/ 2024/3535	1003864V2400039	31/05/2024	168.559,61	163	22700	URBASER, S.A.	Expediente: 'CT 23/2021-e 'Contenerizacion, Recogida y transporte de residuos, gestion del punto limpio y limpieza viari
F/ 2024/4219	*ADM24 360	20/06/2024	226,06	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	O HORTENSIA 2.5L / HIERBA LUISA ALOYSLIA 2.5L / ROMERO / AROMATICA VARIEDADES / HORTENSIA / 5534 VELA TEA AND LEMONGRASS PR
F/ 2024/4234	*ADM24 365	22/06/2024	1.110,51	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	O ALBIZIA / HUMUS LOMBRIZ 45L 25 KG / ALBIZIA / REPOSICION / PARQUES E XARDINS - DOLORES BARREIRO SUMAY
F/ 2024/4245	2024 19	25/06/2024	900,00	432	22610	TITERES CACHIRULO, S.L.	Concellería de Turismo. Unha representación do espectáculo ""Camiño de aventuras"" o 15 de xuño de 2024 no concello de Vil
F/ 2024/4259	0 24003381	20/06/2024	679,86	171	22199	SOBRINO G., S.A.	CINTA AISLANTE 20 x 19 NEGRA / LLAVE ESTRELLA ACODADA 2M-24/26 BAHC / CUADRO ELECT.CSP4 T3 5.5-8A C/S SACI / TEXAG 933
F/ 2024/4263	*ADM24 370	26/06/2024	362,32	320	22199	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	O CONSELLERIA DE EDUCACION / COLEGIO ARALDE - SOBRAN / LIQUIDAMBAR / SUSTRATO Y ABONO ORGANICO
F/ 2024/4342	4052289623	20/05/2024	47,19	161	22199	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	DESTOR PREC RW EDITION 41PZS
F/ 2024/4361	*ADM24 404	29/06/2024	31,50	171	22199	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	O MACETA CAPRI
F/ 2024/4392	A 1260	02/07/2024	749,38	171	22104	SEGURLAIN 2020, S.L.	PERSONAL DEPUTACION / PARQUES / Pantalon multibolsillo cinta reflex 159 / Cazadora sarga cremallera VL 61601 / Polo 100%
F/ 2024/4395	A 1263	02/07/2024	51,45	171	22199	SEGURLAIN 2020, S.L.	Bota Tirrenian S3 / PARQUES Y JARDINES / RESPONSABLE MARIA DOLORES BARREIRO SUMAY
F/	FQ FQ0005211	30/06/20	376,67	3261	22699	PONTEVICUS,	CARAMELOS WERTHER'S

2024/444 9		24				S.L.U.	ORIG.CHOCO S/AZUCAR / 10624 B/24 V.CARTON BIO AGUAMARINA BEST / FILM TRANSPARENTE IFA SABE 30 M / PA
F/ 2024/446 0	2024 0215	01/07/20 24	459,80	926	22602	BALSA PUBLICIDAD, S.L.	RADIO GALEGA-DESCONEXION SANTIAGO-CANCELLO DE VILAGARCIA-CIDADE DO LIBRO 2024-14 CUÑAS DE 20''' HORARIOS ROTACIÓN
F/ 2024/446 9	A 1272	04/07/20 24	34,45	171	22199	SEGURLAIN 2020, S.L.	PARQUES Y JARDINES / Gafas Vrilux claras / Guante piel Brion G114B / RESPONSABLE MARIA DOLORES BARREIRO SUMAY
F/ 2024/447 8	0780200124	30/06/20 24	332,15	926	22602	RADIO POPULAR, S.A.	C-100 RIAS BAIXAS- MORNING BUENOS DIAS JAVI Y MAR (CONCELLO DE VILAGARC) / C-100 RIAS BAIXAS-CADENA 100 (CONCELLO D
F/ 2024/448 9	1 240613	05/07/20 24	409,55	912	22699	COMARFI, S.L.	RESPONSABLE DE COMPRA: JEFE GABINETE ALCALDIA-PROTOCOLO GABRIEL GONZALEZ / OF.CONT. L01360600 / OR.GESTOR L01360600 / U.
F/ 2024/450 6	Emit- 138	09/07/20 24	36,30	912	215	TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	Cilindro gas Stay, Spacio, Efit, TNK. Desplazamiento y mano de obra incluido
F/ 2024/452 1	*ADM24 429	09/07/20 24	233,81	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	O OLIVO / PITTOPORUM TOBIRA NANA 15L / SUSTRATO PROTERRA CON HIDROGEL 20 L / BALTRAR CARRIL
F/ 2024/452 4	*ADM24 431	09/07/20 24	48,95	171	22109	VIVEROS PIÑEIRO, S.L.	O PITTOPORUM TOBIRA NANA 15L
F/ 2024/453 0	A 24209	09/07/20 24	270,40	171	213	TROQUIÑA, S.L.	TAPA AUTOCUT 46-2 / 56-2 / CARRETE DE CABEZAL 46-2 Y 56-2 / MUELLE DE CABEZAL 46-2 56-2 40-2 / MATERIAL RETIRADO POR A
F/ 2024/453 3	Emit- 558	30/04/20 24	435,85	171	22199	INTERMACO, S.L.	M. REJILLA GALLINERO 2 m (Nº ALBARAN 2348 RESPONSABLE DE COMPRAS DOLORES BARREIRO) / PAQUETE GANCHO TELA ANTIHIERVA (
F/ 2024/454 0	Emit- 565	31/05/20 24	91,84	171	22199	INTERMACO, S.L.	SACO CARGA (Nº ALBARAN 2387 RESPONSABLE DE COMPRAS DOLORES BARREIRO) / BOLSA BRIDAS 370*36 (Nº ALBARAN 2387 RESPONSAB
F/ 2024/456 6	Emit- 584	28/06/20 24	90,27	171	22199	INTERMACO, S.L.	BOLSA BRIDAS 450*48 (Nº ALBARAN 2408 RESPONSABLE DE COMPRAS DOLORES BARREIRO) / SACO CARGA (Nº ALBARAN 2411 RESPONSAB
F/ 2024/458 1	factura 23	12/07/20 24	1.210,00	432	203	OCIO SPORT AROUZA, S.L.	alquiler modulos wc, festival Metal Fest (alquiler de 2 módulos wc para festival Metal Fest)
F/ 2024/482 7	F 240061	30/05/20 24	665,50	334	22609	BTB BOOKING Y PRODUCCIONES S.L.	Actuacion Nestor Pardo Actuación el 26 de mayo entro del ciclo de ÁGORA VERMÚ
F/ 2024/482 8	D01 6669	10/07/20 24	78,41	2412	22199	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	CAMISETA TECNICA MONTECARLO (CA0425) - ROLY / ANAGRAMA PECHO 1 COLOR BL / ANAGRAMA ESPALDA 1 COLOR BL (-) / CAMISETA T
F/ 2024/483 8	EFacturae- 2	16/07/20 24	500,00	334	22609	TALLER DE TEATRO CLAMIDE	REPRESENTACION (Representación da Actuación o día 25/07/2024 no Salón García Correspondente ao Orzamento: EO- 2Re/24 do
F/ 2024/484 3	24 6405	15/07/20 24	87,82	2412	22199	PINTURAS ALBORADA, S.L.	CATALIZADOR ACRILAC 10x1 / ACRILAC NATUR A 10X1 / DISOLVENTE POLIURETANO D-001 5LT
F/ 2024/495 8	24 0000127	18/07/20 24	18,15	2412	22199	CUEVAS, S.L.	Material (Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600 -- Intervención Xeral OG: LO1360600 -- Alcaldía --

								Preside
F/ 2024/496 4	202405382	15/07/20 24	387,26	2412	22199	CASTROMAN S.L.	I,	CONMUTADOR 10A IP54 3303 / INTERRUPTOR MAGNETOTERMICO 1P+N 18MM 10A / MT. CADENA ZINC B00122 02-220MT / RESPONSABLE DE
F/ 2024/496 5	202405383	15/07/20 24	130,00	2412	22199	CASTROMAN S.L.	I,	TUBO LED 18W CRISTAL OSRAM 120CM 300° 6K CHIP 2340lm / APORTACION MUNICIPAL / LOLA / TUBO LED 18W CRISTAL OSRAM 120CM 3
F/ 2024/496 6	202405384	15/07/20 24	522,88	2412	22199	CASTROMAN S.L.	I,	CINTA C/PLAST.4403 EASY COVER 260CMX15M / CINTA PINTOR NOPI 4349 45MX50MM / CINTA KREPP PINTOR COMPACT 25MMX45M / PINCEL
F/ 2024/496 7	202404910	30/06/20 24	22,35	2412	22199	CASTROMAN S.L.	I,	BROCA DIN-338 HSS-CO RECT.Ø06.00MM / BROCA DIN-338 HSS-CO RECT.Ø08.00MM / PERSONA RESPONSABLE EVA DIEGUEZ TAGOADA / MANU
F/ 2024/496 8	202404902	30/06/20 24	97,83	2412	22199	CASTROMAN S.L.	I,	CIEN REMACHE TUBULAR ALUMINIO 4X12 / PARA MODULO B / FERNANDO ANTE / SIKAFLEX-111 GRIS 290ML AT CONNECTION* / CINTA PINT
F/ 2024/525 9	24187	28/06/20 24	587,33	171	213	PADIN SILVA, FRANCISCO		BOTE ACEITE MEZCLA LS 1L. ROLLO NYLON HUSQVARNA.
F/ 2024/526 1	24186	28/06/20 24	413,63	171	213	PADIN SILVA, FRANCISCO		CUCHILLA. PANTALLA PLEXIGLAS. PROTECTOR COMBINADO. PANTALLA PLEXIGLAS HUSQVARNA. TRIMM T45X. TAPÓN TRIMMY. MUELLE TRIMMY
		TOTAL	410.345,11					

PRP2024/3388

Visto o expediente de gasto INT/2024/387 integrado pola relación de xustificantes F/2024/100 por importe de 11.841,82€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/100 por importe de 11.841,82€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/ 2024/368 9	Emit- 24071	07/06/20 24	4.101,90	931	22000	SIST. CONT. ART. GRAFICAS, S.L.	NOTIFICACIONES
F/ 2024/430 1	24-06474	30/06/20 24	916,55	132	213	ELECTRONICA TRAFIG, S.A.	FACTURA CORRESPONDIENTE A LAS SIGUIENTES INTERVENCIONES (según avisos telefónicos de fechas 03, 06 y 17/06/2024 y su Ord
F/ 2024/437 4	F06000R- 39476	02/07/20 24	249,53	165	213	SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U.	RETENAX CPRO RV-K 1kV 3G4 BOB (Obra: ALDEA DE ARRIBA-PASO RENFE) / MTS.TUBO ACERO INOX.AISI-316 28X0.8 BRI. (Obra: AL
F/ 2024/439 4	A 1262	02/07/20 24	47,63	160	22199	SEGURLAIN 2020, S.L.	EPIS AUTIDORIO / Guante Maxiflex dorso cubierto 34-876
F/ 2024/444 1	1240613335	28/06/20 24	144,14	320	212	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	CONVENCIONAL - MASTER TL-D SUPER 80 36W/865 1SL/25 / CEBADOR - S10 4-65W SIN 220-240V WH EUR/20X25CT
F/ 2024/444 2	1240613331	28/06/20 24	1.326,89	165	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	LUMINARIA OPTIMA 30W 4000K 110lm/W 85° / BARRYFLEX RV-K 0,6/1KV 4G4 NEGRO BB/CT (ROLLO4502180) (ROLLO4446762) / LUMINARI
F/ 2024/444 3	1240613340	28/06/20 24	211,75	165	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	MARTILLO XR SDS PLUS 18V SIN CARG / BAT / MALETA
F/	1240613332	28/06/20	1.857,34	160	213	GRUPO ELECTRO	INT.AUT.SERIE MUN 1P+N 40A C-6KA / 30

2024/444 4		24				STOCKS,S.L.U.	CANAL PARA AIRE ACONDICIONADO BLANCO RAL9010 40X90 U23X / DISYUNT MAGNETOTERM 4-6,
F/ 2024/444 5	1240613339	28/06/20 24	388,31	134	22699	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	RODA 1X 1785 LED 18W CLD S BLANCO / TUBO LED T8 CRISTAL 18W 2000LM G13 1212MM 6500°K CRI80 FP0,9 200° 25000H / REGLETA
F/ 2024/444 6	1240613333	28/06/20 24	390,90	334	212	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	PERFORMANCE CLASS SPOT PAR30 GL 75 DIM 10W/927 E27 / PERFORMANCE CLASS SPOT PAR38 GL 120 DIM 15,2W/927 E27 / PERFORMANCE
F/ 2024/447 9	2024 001514297	11/06/20 24	1.425,68	165	633	SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	PIR-S26/2-D01*10-KFM / N.Serie: 301005539 / ADAPTER DN32 FLYT PED-ABSPIR / PORTES
F/ 2024/451 2	2024 - 022	09/07/20 24	346,73	9201	22002	ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO	DPTO. INFORMATICA ---PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUIS ...--- ALBARAN N°40/24 (4-07-24) -- CONCEPTOS ..-- TINTA HP N° 963X
F/ 2024/451 3	Emit- 20242550	03/07/20 24	142,86	334	22703	DISTRILEMA QUIMICOS, S.L.	HIGIENICO INDUST. ECO CELULOSA 18U / FREGASUELOS FREGALIN MAGNOLIA 5L / LAVAVAJILLAS MANUAL LEMINET ULTRA 5KG / BOBINA M
F/ 2024/581 3	P30	21/06/20 24	291,61	2412	22199	LUCIO FERRO, GERMAN	E DÍAS DE ALQUILER MÁQUINA GRAPADORA Y 2.000 UDÉS. GRAPAS
		TOTAL	11.841,82				

PRP2024/3381

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° UN E FINAL (2024/5883), derivada da execución do contrato de obras denominado "REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PATIO SAAVEDRA", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2024/5176), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2024-2-POS24-4-1 por importe de 25.997,87€.

Visto o informe final de obra do Director de obra.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as referidas variacións e polo tanto a diminución do importe adxudicado por un total de 17,13€.

SEGUNDO: O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° UN E FINAL (2024/5883), derivada da execución do contrato de obras denominado "REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PATIO SAAVEDRA", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2024/5176), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2024-2-POS24-4-1 por importe de 25.997,87€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
5883	UN FINAL	E 27/08/20 24	25.997,87	MONTAJES IGLESIAS, S.L. J.M.	CERTIFICACIÓN UN E FINAL POR ""REPARACIÓN BEIRARRÚAS PATIO SAAVEDRA"" PROX.: 2024/2/POS24/4/1.	1532	61900

TERCEIRO: O Reintegro do crédito sobrante no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión e informada favorablemente polo órgano xestor responsable do contrato:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Texto Libre	MODIFICACION
220240011056	AD	17/06/2 024	2024 61900	1532	26.015,00 ADX. CONTRATO OBRA REPARACIÓN BEIRARRÚAS NA RÚA PATIO SAAVEDRA	-17,13

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.